

BASES PARA A ADXUDICACIÓN POSTO FESTAS DE SAN PEDRO 2026

1. Obxecto

O Concello de Muros convoca este procedemento para a adxudicación dun posto durante as **Festas de San Pedro 2026**, que se celebrarán os días 28 e 29 de xuño de 2026, co obxectivo de colaborar co tecido asociativo do municipio e contribuír ao financiamento das actividades festivas tradicionais que se desenvolven ao longo do ano. Non obstante, en función do número de solicitudes presentadas, o Concello poderá autorizar ata un máximo de dous postos.

2. Entidades destinatarias

Poderán participar nesta convocatoria as entidades sen ánimo de lucro con actividade no municipio de Muros que organicen verbenas tradicionais.

3. Duración da autorización

A autorización terá vixencia exclusivamente durante os días 28 e 29 de xuño de 2026, coincidindo coa celebración das Festas de San Pedro.

4. Espazo e instalación

O Concello de Muros habilitará e delimitará o espazo destinado ao posto. A montaxe, acondicionamento, decoración, equipamento, atención ao público e desmontaxe correrán integramente a cargo da entidade adxudicataria. A entidade adxudicataria deberá respectar en todo momento os límites do espazo asignado e cumprir coa normativa vixente en materia de seguridade, sanidade e ocupación da vía pública.

5. Horarios

O posto deberá permanecer aberto de forma obrigatoria durante os dous días de celebración das Festas de San Pedro 2026, respectando os horarios mínimos de funcionamento que estableza o Concello. O cumprimento destes horarios terá carácter obrigatorio, non podendo interromperse a actividade nin procederse ao peche do posto durante as franxas horarias fixadas, salvo autorización expresa do Concello de Muros por causas debidamente xustificadas. En todo caso, o horario máximo autorizado para o desenvolvemento da actividade será ata as 4:00 horas. A partir dese momento deberá cesar toda actividade e procederse ao peche do posto.

6. Documentación obrigatoria

As entidades interesadas deberán presentar a seguinte documentación:

- Solicitud de participación.
- Proxecto de explotación do posto, indicando o funcionamento previsto, e servizos ofertados.
- Memoria da actividade desenvolvida pola entidade na organización da verbena ou festa tradicional.
- Relación das subvencións, axudas ou colaboracións económicas recibidas pola entidade durante o último exercicio.
- Copia da póliza de seguro de responsabilidade civil en vigor.
- Certificación do acordo adoptado pola xunta directiva ou órgano competente da asociación autorizando a presentación da solicitude.
- Datos de contacto da persoa responsable.

7. Prazo de presentación

O prazo para a presentación de solicitudes será desde o **19 de xuño de 2026 ata o 22 de xuño de 2026**. As solicitudes presentaranse no rexistro xeral do Concello de Muros ou a través da sede electrónica do Concello: <https://sede.muros.gal/sxc/gl/>. Non serán admitidas as solicitudes presentadas fóra do prazo establecido.

8. Procedemento de selección

Finalizado o prazo de presentación, os servizos municipais comprobarán a documentación achegada. O Concello poderá requirir a emenda da documentación presentada cando esta resulte incompleta. No caso de existir unha única solicitude que cumpra os requisitos establecidos, a autorización será concedida directamente. E no caso de empate ou de existir varias solicitudes admitidas, a adxudicación realizarase mediante sorteo público.

9. Resolución

A entidade seleccionada será comunicada o día **23 de xuño de 2026** mediante os medios de contacto facilitados na solicitude.

10. Réxime rotatorio

Co fin de favorecer a participación do maior número posible de entidades do municipio, establécese un sistema de rotación. A entidade que resulte adxudicataria nesta convocatoria non poderá resultar beneficiaria da autorización nas seguintes edicións.

11. Obrigas da entidade adxudicataria

A entidade seleccionada comprométese a:

- Cumprir estas bases e as indicacións do Concello de Muros.
- Respetar os horarios e condicións de funcionamento establecidos.
- Dispoñer dun seguro de responsabilidade civil en vigor.
- Asumir a montaxe, mantemento e desmontaxe do posto.
- Manter o espazo en adecuadas condicións de limpeza, hixiene e seguridade.
- Retirar diariamente os residuos xerados e deixar o espazo limpo ao remate da actividade.

12. Aceptación das bases

A presentación da solicitude implica a aceptación íntegra destas bases e das decisións que adopte o Concello de Muros para a súa interpretación e aplicación.

Muros, 19 de xuño de 2026.

María Lago Lestón
Alcaldesa do Concello de Muros